

UN CADRO DE VAN GOGH

Texto de CLAIRE D'HARCOURT

Concepto gráfico de LOÏC LE GALL

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 20 x 20 cm. 36 páx. 15 €.

Contén cartaz despregable.

Un cadro de Van Gogh (galego)

ISBN 978-84-15250-58-6. Faktoría K de Libros. Arte.

Un cuadro de Van Gogh (castelán)

ISBN 978-84-15250-57-9. Faktoría K de Libros. Arte.



Entrar nun cadro, viaxar por ese novo universo, explorar cada curruncho, cada recanto... As páxinas deste libro fan un percorrido por un dos cadros máis importantes da historia da Arte: "A habitación de Van Gogh en Arles", de Vicent Van Gogh.

O pintor atopou na Provenza unha luz cegadora para os seus cadros, que impregnou de amarelos, azuis e outras cores puras, intensas e brillantes. A súa habitación de mobles rústicos transmite tranquilidade; Van Gogh representa os seus elementos con pinceladas rápidas e sinuosas, sen preocuparse pola perspectiva. «A visión deste cadro debe servir para repousar a cabeza ou máis ben a imaxinación», dixo o autor, cuxa estancia está disposta para recibir o seu amigo Gauguin.

Claire d'Harcourt propón neste libro un achegamento orixinal e accesible para o público infantil á obra e á semblanza deste artista. A HABITACIÓN DE VAN GOGH EN ARLES data de 1888 e atópase no Museo d'Orsay de París.

A palangana e a xerra da auga están pintadas con **pinceladas** rápidas e sinuosas.

Desde que reside no Sur, o pintor utiliza cores cada vez máis intensas, como este **azul luminoso** que tanto lle gusta.



- **Temática:** análise do cadro "A habitación de Van Gogh en Arles", de Vicent Van Gogh.
- **Idade recomendada:** dende 8 anos.
- **Aspectos destacables:** inclúe cartaz despregable e biografía do pintor; explicación baseada en 12 detalles do lenzo a partir de elementos como a técnica pictórica, o tratamento da luz, os planos visuais e citas do propio pintor; outros títulos da serie: "Un cadro de Picasso" sobre o *Guernica* e "Un cuadro de Velázquez" sobre *As Meninas* (Faktoría K).

Vicent Van Gogh

(Holanda, 1853 – Francia, 1890)

Decidíu ser pintor aos 30 anos, despois de ter desempeñado diversos oficios. As súas primeiras obras describen en tons sombríos escenas da vida labrega e popular. En 1886 viaxou a París para atoparse co seu irmán Theo. Visitou museos, exposicións e coñeceu os artistas neoimpresionistas, cuxas investigacións sobre as cores inspiráronlle para a súa pintura. Dous anos despois trasladouse a Arles, onde pintou máis de 200 teas, abraído pola luz do Sur. Vítima da loucura, tivo que ser internado nun psiquiátrico, onde pintou máis de 50 obras. Logo desa estancia, instalouse en Auvers-sur-Oise, na casa do doutor Gachet. Dous meses máis tarde, o 27 de xullo de 1890, suicidouse. Van Gogh só conseguiu vender un cadro en toda a súa vida. Trala súa morte, a fama deste gran pintor estendeuse por todo o mundo.